

**Directorio de organismos públicos e empresas participadas
Ano 2004**

COMUNICADO

**AS ADMINISTRACIÓN DE GALICIA CONTAN CON 348 ORGANISMOS
E 64 EMPRESAS PÚBLICAS PARA A XESTIÓN DESCENTRALIZADA
DAS SÚAS COMPETENCIAS**

A participación das administracións autonómica, local e universitaria de Galicia no capital doutras 90 sociedades mercantís amplía a influencia do sector público galego e a súa presenza nun amplo abano de ramas de actividade, que vai desde a minería, a industria ou a construción, ata as máis tradicionais de servizos (educación, sanidade, cultura...). Os 326 organismos restantes do directorio son os estatutarios de Galicia e os centrais de cada nivel administrativo: Consello de Contas, Parlamento, Valedor do Pobo, Xunta, as tres Universidades, os 315 concellos e as catro deputacións.

**O funcionamento de 106 organismos e sociedades dependentes de máis dunha administración
con competencias en Galicia responde á necesaria coordinación para a xestión eficaz dos
servizos públicos**

Dos 502 organismos e empresas do directorio, 180 dependían unicamente da administración autonómica, 190 da local, 26 dalgunha das tres universidades e 106 funcionaban tutelados por máis dun nivel administrativo, incluído aquí o estatal.

**Dentro da tipoloxía de organismos previstos legalmente e que pode utilizar a administración para
xestionar ás súas competencias predominan as fundacións e as sociedades mercantís**

Un total de 103 organismos adoptan a forma legal de fundación. O campo de actuación das fundacións é moi amplo: desenvolvemento comarcal, actividades sanitarias, promoción cultural, organización de feiras e exposicións, etc.

No directorio figuran 154 sociedades participadas polas administracións de Galicia

Considerando como públicas só as participadas maioritariamente, o sector público empresarial de Galicia estaría integrado por 64 sociedades. Delas 17 estaban participadas unicamente pola administración autonómica, 25 pola local, 4 pola universitaria e 18 eran de natureza mixta, é dicir, no seu capital e xestión participaba máis dun nivel administrativo.

Na administración local destacan as mancomunidades como formas de xestión supramunicipal

As 40 mancomunidades e os 33 consorcios con participación da administración local teñen como obxectivos a prestación de servizos, a realización de actividades ou a defensa de intereses comúns. En Galicia non existen outras entidades de xestión supramunicipal como as áreas metropolitanas. Si figuran no directorio nove entidades menores creadas polos concellos para a administración descentralizada en núcleos espallados de poboación.

A institución máis antiga é a Universidade de Santiago creada no ano 1495

A meirande parte dos concellos xa estaban constituídos a mediados do século XIX. No primeiro terzo do século pasado tamén estaban creadas as catro deputacións e moitas das confrarías de pescadores tuteladas hoxe pola Xunta de Galicia.

O 42% dos organismos e empresas funcionaban con menos de dez asalariados

Só 8 concellos tiñan máis de 250 asalariados. A lista dos 22 organismos que superaban esta cifra de emprego a completan o SERGAS, a TVG, a Xunta, as catro deputacións, as tres universidades e catro das sociedades participadas.

No sector público empresarial destacan as sociedades de produción e distribución de enerxía e as dedicadas á promoción da cultura e do deporte

Outras ramas de actividade con presenza de empresas públicas son o urbanismo, a intermediación financeira e os servizos de orientación e asistencia ás empresas.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es